



meniños



Código Ético

Principios:

O Código Ético:

- É un **compromiso** que completa as nosas obrigas legais, enmarca os nosos fins estatutarios e orienta a nosa misión en consonancia co noso compromiso coa calidade de vida das persoas coas que traballamos e coa construción dunha sociedade xusta, solidaria e responsable.
- **Incumbe a todo o equipo humano** da organización: padroado, equipos profesionais, voluntariado e persoal en prácticas.
- **Guía e orienta** todas as nosas actuacións: coas personas participantes nos programas e coas persoas e organizacións colaboradoras, fornecedoras e financiadoras coas que nos relacionamos.
- **Preserva os principios e valores** da organización.

Contidos:

Identidade Meniños:

• **Compromiso cos valores da organización:** é obriga de todas as personas da organización coñecerlos, asumilos, practicalos e difundilos no desempeño de calquera posto de traballo en Meniños:

- √ Compromiso cos dereitos da infancia.
- √ Interese superior do neno ou nena.
- √ A familia coma referente estable.
- √ Educación e capacidade de cambio.
- √ Calidade e mellora continua.
- √ Innovación e creatividade.
- √ Coidado ás persoas.
- √ Transparencia e Independencia.
- √ Compromiso social.

Código Ético

- **Comportamiento profesional responsable, sensible e respectuoso na intervención coas persoas participantes nos programas:**

- √ **Respecto á intimidade** das persoas coas que traballamos: manexo da información necesaria e suficiente e rexistro e transmisión sometida ás esixencias legais de privacidade e confidencialidade establecidas para a protección de datos en cada momento no noso ordeamento xurídico.

- √ **Sensibilidade e non discriminación** ante calquera condición persoal ou social das persoas coas que traballamos.

- √ **Relacións libres de violencia** de calquera tipo: intervención baseada no máximo respecto ás persoas, buscando a colaboración, o encontro e o consenso, rexeitando calquera comportamento abusivo, ofensivo, inapropiado, ameazante ou provocador.

- √ **Certificado negativo** do rexistro central de **delitos de natureza sexual** actualizado anualmente.

- √ Máximo **respecto ao código deontolóxico** da súa profesión.

✓ **Compromisos no exercicio das nosas funcións**

- **Uso responsable dos recursos (técnicos, materiais, económicos) de Meniños.**

- **Confidencialidade da información: compromiso coa protección da información confidencial de Meniños e das persoas participantes nos nosos programas:**

- √ Sinatura dun compromiso de confidencialidade no momento de iniciar a relación laboral profesional, voluntaria ou de prácticas con Meniños.

- √ A obriga de confidencialidade sobre a información á que se tivo acceso pola relación con Meniños permanecerá unha vez finalizada dita relación.

- √ Obriga de tomar as precaucións necesarias en cada posto de traballo para protexer toda a información confidencial relativa a Meniños e ás persoas e entidades coas que nos relacionamos no noso traballo (participantes nos programas, clientes, fornecedoras, financiadoras ou colaboradoras).

- **Promoción e participación no traballo en equipo creando un clima de convivencia e traballo agradable, motivador e estimulante.**

Código Ético

- **Comportamento ético e responsable no establecemento de relacións de colaboración, financiamento ou participación noutras organizacións:**

√ Vinculación con entidades, empresas e colaboradores que teñan un comportamento ético e responsable respectando os dereitos humanos e especificamente os dereitos da infancia recollidos na CDN.

✔ **Compromisos e deberes no desenvolvemento dos nosos proxectos**

- **Coidado do equipo humano da entidade** con cumprimento de todas as medidas necesarias para asegurar a protección das persoas no exercicio da súa actividade, a mellora das competencias profesionais a través da supervisión e a formación de equipos e a adopción de medidas conciliadoras que permitan un equilibrio entre a vida laboral e persoal.

Ademais a entidade posiciónase coa súa declaración de principios de actuación ante a violencia no contorno laboral e se comprométese coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- **Tolerancia 0 á violencia nas relacións profesionais e persoais establecidas**, tanto dentro dos equipos humanos da organización (profesionais, voluntariado ou prácticas), coma coas persoas participantes nos nosos programas e coas organizacións e persoas clientes, colaboradoras, financiadoras o fornecedoras coas que nos relacionamos.

- **Compromiso do órgano de goberno co establecemento dos sistemas de control**, as políticas e códigos necesarios para garantir a transparencia na entidade a través de:

√ Un sistema de control e seguimento interno da actividade e personas beneficiarias:

- Sobre as responsabilidades do padroado.
- Sobre os deberes de dilixencia e lealdade do padroado.
- Sobre o conflito de intereses.
- Sobre as obrigas de discreción e de pasividade.
- Sobre os deberes de comunicación.
- Sobre a transparencia e a rendición de contas.

Código Ético

- √ Unhas políticas e procesos de selección de persoal, fornecedores, proxectos e contrapartes que garantan o cumprimento ético establecido pola entidade.
- √ Un código de conduta para a realización de inversións financeiras temporais.

✓ Compromisos na comunicación:

- √ Informar con transparencia, rigor e precisión, evitando a linguaxe discriminatoria ou estigmatizante así como o uso de tópicos ou estereotipos.
- √ O uso de fotografías e material audiovisual deberá proxectar unha imaxe positiva e respectuosa das persoas que aparezan respectando os seus dereitos, especialmente no caso de persoas menores de idade.